



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUGARDOS

*Aprobación das bases e convocatoria do proceso selectivo de elaboración da bolsa de traballo categoría auxiliar de axuda no fogar*

#### A N U N C I O

**CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO, PARA A POSIBLE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, NA CATEGORÍA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO**

Pola Resolución da Alcaldía núm. 652/2021, do 17.06.2021, acordouse efectuar convocatoria do proceso selectivo de referencia e prestar aprobación ás bases que rexerán o mesmo, cuxo texto se transcribe de seguido:

**“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E ELABORACIÓN DAS LISTAS PARA A PROVISION TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO NO CONCELLO DE MUGARDOS”.**

**CATEGORÍA: AUXILIAR DO SERVIZO AXUDA NO FOGAR**

#### 1.<sup>a</sup>.-OBXECTO.

É obxecto da presente convocatoria a elaboración dunha bolsa de traballo para ás posibles contratacións laborais temporais do posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar do CONCELLO DE MUGARDOS ao amparo do disposto no Texto Refundido do Estatuto dos traballadores -R.D. Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, no R.D. 2720/1998, do 18 de decembro, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e demais normativa de aplicación, e cuxas funcións serán as propias do posto de auxiliar de axuda no fogar.

As prazas que se convocan teñen por obxecto a substitución dos/as traballadores/as municipais con reserva de posto de traballo, así como de situacións sobrevidas que impliquen unha carga de traballo. A duración do contrato será o tempo necesario durante o que subsista a situación que motiva a contratación (ausencias contempladas na normativa laboral vixente), cesando automaticamente a relación laboral o día no que se produza a reincorporación do/a traballador/a substituído/a, e/ou segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Mugardos.

As prazas están dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao grupo laboral V da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Mugardos, e as complementarias sinaladas no cadro de persoal e demais acordos e resolucións adoptados polos órganos corporativos.

#### 2.<sup>a</sup>.-REQUISITOS PARA A SELECCIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes terán que acreditar no momento que presenten as solicitudes para formar parte da lista de traballo temporal, que reunen os requisitos xerais, e os específicos requiridos para esta bolsa determinados no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e os seguintes:

a) Ter a nacionalidade española ou dalgún dos Estados aos que se refire o artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuir a capacidade funcional necesaria para o desempeño de tarefas.

d) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado de procedencia, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

f) Non ter sido condenado/a mediante sentenza firme polos delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais e trata de seres humanos con fins de explotación sexual, incluída a pornografía, con independencia da idade da vítima.

g) Estar en posesión do Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria, ou certificado oficial xustificante de ter o título en trámite

h) Estar en posesión do/s permiso/s/licencias de condución que posibiliten os desprazamentos para a realización das funcións de auxiliar de axuda no fogar.

i) Dispoñer de medio de transporte para poder realizar os desprazamentos necesarios no exercicio da súa función de auxiliar de axuda no fogar. Acreditarase mediante declaración xurada segundo o modelo que figura como anexo III. Previamente á contratación deberá presentar declaración responsable da dispoñibilidade de vehículo e o permiso necesario.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberánse cumprir polas persoas aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento de formalización do contrato.

### **3.<sup>a</sup>.-LISTAS.**

Elaborarase unha lista cuxa orde de prelación virá dada pola puntuación obtida de acordo co baremo.

### **4.<sup>a</sup>.-SOLICITUDES, APERTURA DA CONVOCATORIA E PRAZOS.**

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida o Sr. alcalde do Concello de Mugardos, en modelo que se facilitará por este Concello (no Rexistro Xeral da Corporación e na páxina web [www.concello-demugardos.gal](http://www.concello-demugardos.gal)) na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria.

As solicitudes presentaranse no citado Rexistro os días laborais, do 9.00 a 14.00 horas, durante o prazo de dez días naturais, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no “Boletín Oficial da Provincia da Coruña” (se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte). Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas LPACAP); neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Tamén se achegará á solicitude fotocopia simple do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte, no seu caso), certificado e/ou titulación e relación dos méritos que aleguen, enumerados segundo a orde establecida na Base 13 desta convocatoria. Xunto coa dita relación achegaranse os documentos xustificativos dos méritos, en orixinal e/ou fotocopia compulsada.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria, así como o consentimento do/a solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección. Así mesmo, os/as solicitantes prestan o seu consentimento para que o seu número de documento identificativo ou o seu nome sexan comunicados mediante a súa exposición nos boletíns oficiais, nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello para todo o relacionado co proceso selectivo.

### **5.<sup>a</sup>.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias, dictarase resolución no prazo máximo de cinco días naturais declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, do conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal ([www.mugardos.gal](http://www.mugardos.gal)).

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de cinco días seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

2.-Posteriormente, doclararase aprobada mediante resolución a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello.

Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

3.-De non existir aspirantes excluídos/as, a resolución declarará elevada a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

## 6.<sup>a</sup>.-DEREITOS DE INSCRICIÓN.

### CATEGORÍA DEREITOS DE INSCRICIÓN

AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR: no presente caso non se esixirán dereitos de inscrición.

## 7.<sup>a</sup>.-DOCUMENTACIÓN.

1. Xunto coa solicitude deberán presentar copia cotexada do DNI, do título académico requirido, así como do Celga (como mínimo Celga 2).
2. Informe médico de atención primaria do Servizo Galego de Saúde que verifique a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do servizo de axuda no fogar.
3. Os méritos que invoquen os/as interesados/as e que, do acordo co baremo previsto, dosexen que se lles teñan en conta, así como o cumprimento dos requisitos esixidos, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes que se presentarán cotexadas, fidedignamente, e deberán numerarse de acordo co modelo anexo II, e non se valorarán aqueles méritos que pola comisión se considere que non estiveran suficientemente acreditados.
4. Declaración xurada de non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.  
No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado de procedencia, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
5. Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
6. Declaración xurada de non ter enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes.
7. Certificado de Delitos de Natureza Sexual para traballar con menores, expedido polo Rexistro Central de Delicuentes Sexuais.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data en que finalice o prazo de presentación de instancias.

## 8.<sup>a</sup>.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Para a elaboración da lista, así como para o seu control e correcta utilización nomearase un tribunal de selección.

A estos efectos o tribunal de selección resolverá todas as cuestións de interpretación que puideran presentarse.

8.1. A composición da comisión permanente de selección será a seguinte:

- Presidente/a: un empregado/a público/a do Concello de Mugardos.
- Vocais: tres empregados/as públicos/as.
- Secretario/a: un/unha funcionario/a do Concello, que actuará con voz e voto.

8.2. O tribunal cualificador do proceso selectivo designarase pola Alcaldía de conformidade co sinalado no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e a súa composición farase pública de acordo co establecido na base anterior.

Non poderán formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual ou as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ninguén.

8.3. Tódolos/as membros do tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para o acceso á praza obxecto desta convocatoria, e tenderase á paridade entre muller e home.

8.4. O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou os/as que legalmente os/as substitúan.

8.5. Os membros do tribunal deberanse de abster de intervir, comunicándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015, ou estivesen preparando a aspirantes ás probas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. Os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal de acordo co previsto no artigo 24 da mencionada Lei 39/2015.

8.6. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas, así como nos casos non previstos polas mesmas. Tamén poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que xulgue oportuno, limitándose os/as asesores/as a prestar a colaboración nas súas especialidades técnicas.

8.7. Para os efectos do percibo de indemnizacións en concepto de asistencias, o Tribunal entenderase encadrado na Categoría Terceira, segundo establece o Real decreto 462/2002, do 24 de maio.

### **9.<sup>a</sup>.-ELABORACIÓN DA LISTA.**

9.1. O tribunal de selección para a cobertura temporal de postos de traballo reservados ao persoal laboral, será a encargada de elaborar a lista correspondente. A petición do tribunal de selección, poderá nomearse persoal colaborador e as súas funcións serán participar na aplicación do baremo dos méritos alegados polos/as interesados/as.

9.2. Unha vez elaborada a lista, a comisión permanente de selección elevará á Alcaldía para que proceda a ordenar a súa aprobación definitiva e a súa publicación no BOP así como no taboleiro de anuncios do Concello de Mugarbos.

9.3. Producida a situación especificada na base 1.<sup>a</sup> procederase ao chamamento da persoa que, segundo a orde de prelación que figura na lista previa, lle corresponda ser chamada. O chamamento realizarase por teléfono, ao número que designe o/a interesado/a como contacto na solicitude.

### **10.<sup>a</sup>.-CONTRATACIÓNS.**

Poderán realizarse contratacións temporais para o desempeño de postos de traballo que se atopen vacantes ou para a substitución do titular. Neste último caso será causa abonda a situación de ILT ou vacacións do seu titular e demais normativa de aplicación, e cuxas funcións serán as propias do posto de auxiliar de axuda no fogar. Así como por aumento ou acumulación notorio das tarefas ou traballo do servizo de axuda no fogar que xustifiquen o incremento da contratación de persoal con funcións de auxiliar de axuda no fogar.

Previamente á contratación deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención Municipal

### **11.<sup>a</sup>.-CHAMAMENTOS AOS ASPIRANTES.**

O/s chamamento/s realizaranse telefónicamente para evitar orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público do servizo de axuda no fogar do Concello de Mugarbos.

Para poder ser citado mediante o chamamento telefónico os/as interesados/as deberán indicar o número de teléfono na súa solicitude de inclusión nas listas; a dita opción será irrenunciable polo/a interesado/a.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 9 horas e as 15 horas, e o/a funcionario/a que os realice fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta. Efectuaranse tres chamadas telefónicas en intervalo de 10 minutos.

Os que sendo chamados para facer efectiva a contratación, non se presentasen ou renunciasesen ó mesmo, perderán os seus dereitos, sendo excluídos das listas, agás casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados libremente. De producirse este suposto chamarase ó seguinte da lista.

Os integrantes das listas non perderán a súa orde de prelación na lista ata a confección da seguinte lista e, en todo caso, como máximo ata que se teña dereito á prestación de desemprego, así pois cando a contratación ou o nomeamento para o que son chamados/as teña unha duración inferior retornarán ao posto que ocupaban na orde de prelación da lista no momento de ser chamados/as. Cando exista o dereito a prestación de desemprego o/a interesado/a pasará a ocupar o último lugar na lista. Así mesmo, pasarán a ocupar o último lugar da lista cando se cumpra o tempo máximo de duración da contratación laboral.

### **12.<sup>a</sup>.-SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección farase mediante concurso:

- Valoración de méritos.

O sistema aplicable para a elaboración das listas será o seguinte:

**A. EXPERIENCIA (máx. 5 puntos)**

A1) Por servizos prestados en calquera Administración Pública no mesmo corpo, escala, subescala e/ou categoría ou posto de traballo á que se pretende acceder, referidos aos últimos cinco anos: 0,20 puntos/mes completo. (Acreditarase presentando certificado municipal de servizos prestados na categoría de auxiliar de axuda no fogar).

A2) Por cada mes de servizos prestados na empresa privada nos mesmos termos indicados nos apartados anteriores, e referidos ós últimos cinco anos: 0,15 puntos/mes (Acreditarase con informe de vida laboral e certificado de empresa ou contrato no que conste a categoría ou posto)

A suma da puntuación destes tres apartados non poderá exceder de 5 puntos.

**B. FORMACIÓN (máx. 5 puntos)**

B1) Por cada curso de formación ou perfeccionamento impartido polas administracións públicas, universidade, INEM, Forcem, sindicatos ou Fundacións e entidades recoñecidas e relacionado coas funcións propias da categoría (máximo 4 puntos): 0,010 puntos por hora de formación acreditada. Non se puntuarán os cursos cunha duración inferior a 10 horas. Así mesmo non se computará a titulación esixida para o acceso ao posto convocado nas presentes bases.

B2) Por titulación relacionada coas funcións a desenvolver, que sexa superior á esixida para o acceso ao proceso selectivo: 1 punto.

**13.ª.-CUALIFICACIÓN FINAL E FORMACION DA BOLSA DE TRABAJO.**

A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de baremo de méritos.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase a lista ou bolsa de traballo baseándose na súa puntuación e por orde decrecente. En caso de empate será resolto da seguinte forma:

1. Terá preferencia o aspirante que obtivese maior puntuación no apartado de Experiencia.
2. Se persiste o empate, terá preferencia o aspirante que obtivese maior puntuación no apartado de Formación.
3. Se persiste o empate, terá preferencia o aspirante que posúa a titulación superior das valoradas no apartado Formación.

Formularase proposta de aprobación da lista ou bolsa de traballo, e se ditará Resolución aprobando a lista ou bolsa de traballo que entrará en vigor con carácter inmediato.

**14.ª.-INTERPRETACIÓN E NORMATIVA SUPLETORIA.**

A interpretación destas normas corresponde á comisión permanente de selección. A normativa supletoria é a disposta para o mesmo asunto pola Xunta de Galicia no seu convenio e decretos de desenvolvemento.

**15.ª.-CLASIFICACIÓN DOS POSTOS.**

CATEGORÍA GRUPO Grupo V de cotización TITULACIÓN AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO AP 10.

Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria.

**16.ª.-PUBLICACIÓN DEFINITIVA DA LISTAS.**

Unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos/as nesta bolsa de traballo o/a aspirante/s que se chame para traballar segundo a bolsa de traballo creada, no momento de asinalo contrato deberá presentar a seguinte documentación:

a) Fotocopia (que deberá presentar co orixinal para compulsar) do seu documento nacional de identidade en vigor ou documento que proceda segundo a base segunda.

f) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.

g) Indicación do número de conta bancaria.

Unha vez cumprimentados ditos requisitos, ditarase resolución procedendo á súa contratación.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, do acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

**17.<sup>a</sup>-EXTINCIÓN DA BOLSA DE TRABALLO.**

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase unha vez transcorridos DOUS (2) anos, a contar dende a data da Resolución da Alcaldía que aprobe a mesma.

**18.<sup>a</sup>-PUBLICIDADE.**

A publicidade de todos os actos relativos a este procedemento realizarase mediante edictos que se exporán no taboleiro de edictos e anuncios do Concello de Mugarodos e na páxina web municipal, salvo aqueles actos que expresamente se establece nestas bases a súa publicación no BOP

**19.<sup>a</sup>-LEXISLACIÓN SUPLETORIA.**

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, do 10 de marzo, decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

## ANEXO I

## SOLICITUDE DE COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO PARA O CONCELLO DE MUGARDOS

Dato a cubrir pola Administración: Núm. DA SOLICITUDE:

TAXAS POR DEREITO DE EXAME	GRUPO LABORAL	CATEGORÍA: AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
0 €	V	Elaboración dunha bolsa de traballo, para a posible contratación laboral temporal, na categoría de auxiliar de axuda no fogar.

## I.-DATOS DO/A SOLICITANTE.

Apelidos e nome:	
D.N.I.:	
Enderezo:	
Poboación:	
Concello:	
Teléfono:	
N.º. Afiliac. S. Soc.:	

II. Solicita a súa inclusión no proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de traballo, para a posible contratación laboral temporal, na categoría de auxiliar do servizo de axuda no fogar.

III. O/a solicitante declara que cumpre os requisitos establecidos na base 2.ª das que rexen a convocatoria.

IV. Opción para autorización chamamento aos/ás aspirantes (sinalar cun X se autoriza):

**Chamamento telefónico aos números que se indican:**

Fixo: \_\_\_\_\_ Móvil: \_\_\_\_\_

Documentación que achega (sinalar cun X o que proceda)

- DNI ou documento identificativo (fotocopia simple)
- Título de cer
- Relación de méritos.

Dou o meu consentemento expreso para que os datos persoais, que aparecen na presente solicitude, sexan empregados para poder prestar o servizo solicitado na presente instancia.

En ....., a ..... de ..... de .....

(Sinatura)

## SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620 Mugardos; CORREO@CONCELLODEMUGARDOS.GAL.

1.-FINALIDADE DO TRATAMENTO.-Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

2.-PRAZO DE CONSERVACIÓN.-Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

3.-LEXITIMACIÓN.-Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

4.-DESTINATARIOS DE CESIÓNS.-O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal.

5.-DEREITOS.-Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

**ANEXO II**

Para os efectos do baremo aplicable para a elaboración das listas para a cobertura de postos con carácter temporal ou nomeamento interino, acredita os méritos que deseguido se especifican e xunta a documentación xustificativa dos mesmos:

**I. Datos persoais.**

Apelidos e nome: .....

D.N.I. ....

**II. Experiencia profesional e méritos académicos.**

Sinalar na columna da esquerda cunha aspa (x) os que se aleguen e unir os certificados ou xustificantes oportunos, segundo as bases publicadas.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública no mesmo corpo, escala, subescala e/ou categoría ou posto de traballo á que se pretende acceder, referidos aos últimos cinco anos.
- Por cada mes de servizos prestados na empresa privada nos mesmos termos indicados nos apartados anteriores, e referidos ós últimos cinco anos.
- Por cada curso de formación ou perfeccionamento impartido polas administracións públicas, universidade, INEM, Forcem, sindicatos ou Fundacións e entidades recoñecidas e relacionado coas funcións propias da categoría.
  - Núm. total cursos de formación presentados...
- Por titulación relacionada coas funcións a desenvolver, que sexa superior á esixida para o acceso ao proceso selectivo.

En ....., a ..... de ..... do .....

(Sinatura)



**ANEXO III**  
**MODELO DECLARACIÓN XURADA**

D./D.<sup>a</sup> ....., con D.N.I. ...., e con enderezo en .....

**DECLARA BAIXO XURAMENTO/BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que dispoño de medio de transporte para poder realizar os desprazamentos necesarios no exercicio da función de auxiliar de axuda no fogar.

E para que así conste ós efectos oportunos, asino o presente en ....., a ..... de ..... do ano ....

(Sinatura)”

Mugardos, 17 de xuño de 2021.

O concelleiro de Facenda, Persoal e Participación cidadá do Concello de Mugardos (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 536/2021, do 24.05.2021)

D. José Miguel Mahía Prados

2021/5130